



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Planeamento e Xestión do Solo

Anuncio de aprobación do cambio de uso das parcelas titularidade da Xunta de Galicia inseridas no ámbito EL-8/QG do PXOM, A Coruña (Expediente 631/2022/221)

ANUNCIO

O Pleno do Concello, na sesión que tivo lugar o 8 de setembro de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o cambio de uso das parcelas titularidade da Xunta de Galicia inseridas no ámbito EL-8/QG do PXOM, coas referencias catastrais 9794201NH4999N0001MZ, 9593413NJ4999S0000US e 9593411NJ4999S0001DD, cualificadas como Sistema Xeral de Equipamento e Sistema Local de Espazo Libre polo Plan Xeral vixente, de conformidade co grafitado no documento “CAMBIO DE USO DE PARCELAS DOTACIONAIS NO ÁMBITO EL-8/QG DO PXOM”, redactado por Monteoliva Arquitectura, SLP e asinado polo arquitecto Ángel Luís Monteoliva Díaz.

Segundo.- Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia e solicitar a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Terceiro.- Remitir o acordo á Consellería de Sanidade, Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia e Departamentos municipais interesados na súa tramitación, para os efectos do seu coñecemento.”

O acordo de aprobación do cambio de uso foi publicado no Diario Oficial de Galicia número 191 do 6 de outubro de 2022, e inscrito no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia o 26 de outubro de 2022.

A documentación do cambio de uso aprobado pódese consultar na sede electrónica no enderezo <https://coruna.gal/urbanismo>, na epígrafe “planeamento/planeamento vixente”; ou ben desde a mesma web, a través do visor “Desenvolvemento do Planeamento”; ou de maneira presencial nas dependencias municipais da Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade, logo de cita que se solicitará por escrito no Rexistro Xeral do Concello ou dirixíndose ao registroubanismo@coruna.es.

Contra este acordo, con carácter de disposición administrativa de carácter xeral, pódese interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigo 201.1 do seu regulamento), no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a dereito.

A Coruña, 7 de novembro de 2022

A alcaldesa,

P. D. (Decreto 3847/2019, do 27.06.2019)

María Hernández García

Directora da Área de Urbanismo

2022/6957